



## **Intervención do presidente do Parlamento de Galicia no Acto Institucional do Aniversario do Consello de Contas de Galicia**

Salón dos Reis do Parlamento de Galicia, 21-04-2017 // 11,30h.

Presidente da Xunta de Galicia,

Conselleiros,

Conselleiro maior do Consello de Contas de Galicia, conselleiros do Consello de Contas

Presidente da Sección de Axuizamento do Tribunal de Cuentas,

Portavoces parlamentarios, deputadas e deputados,

Titulares de órganos de fiscalización de outras Comunidades,

Autoridades,

Señoras e señores:

Bo día e moitas grazas por acompañarnos neste acto institucional conmemorativo do aniversario do Consello de Contas de Galicia, o órgano de control e fiscalización externa das contas do sector público autonómico.

Para o Parlamento de Galicia, inmerso na conmemoración do seu 35 aniversario, é unha satisfacción acoller esta actividade organizada polo Consello de Contas para celebrar que superou xa o seu primeiro cuarto de século de vida, convertido nun órgano tan imprescindible como modélico e que, lonxe de anquilosarse co paso do tempo,

cobrou recentemente novos folgos que o resituaron no epicentro da estrutura institucional da Comunidade Autónoma.

Poñemos en valor, polo tanto, un alicerce esencial da nosa autonomía e que emana directamente do Parlamento de Galicia.

A aprobación, por este Parlamento, Lei 8/2015, do 7 de agosto, de reforma da Lei do Consello de Contas e para a prevención da corrupción, permitiu a posta ao día deste órgano de control e fiscalización externa, ofrecendo fórmulas renovadas para responder con inmediatez e eficiencia ás novas demandas sociais en materia de transparencia, honestidade e eficacia.

Os meus parabéns aos ponentes e a miña felicitación tamén ao conxunto dos integrantes desta Cámara, na medida en que souberon responder con audacia e creatividade fronte a un dos principais motivos de preocupación da cidadanía, a corrupción, situada nos diferentes estudos de opinión como o segundo asunto que máis preocupa, só superado polo paro.

Porque, entre outras novidades introducidas na xa citada reforma normativa, figura a de encomendar ao Consello de Contas competencias en materia de prevención da corrupción no sector público autonómico seguindo, atinadamente, o exemplo de Portugal, onde este modelo funciona satisfactoriamente.

Foi así logo de escoitar, nunha comisión de estudo creada neste Parlamento, a numerosos expertos que tiveron ocasión de expresar o seu punto de vista en materia de prevención da corrupción, expoñendo algunhas das propostas que finalmente acabaron sendo trasladadas ao texto legal xa referido.

Xa teño dito nalgunha ocasión que, por fortuna para os cidadáns e para as súas institucións, Galicia foi quen de atopar a fórmula necesaria para facer compatible a racionalidade económica, evitando incrementar o gasto público nun momento de estreiteces, coa blindaxe do papel do Consello de Contas.

Este órgano foi reforzado na súa autonomía, foi dotado de novas competencias como as xa referidas á prevención da corrupción ou á fiscalización das formacións políticas que reciben fondos da Comunidade Autónoma, e conta con maiores capacidades derivadas de outorgar a condición de axente da autoridade ás persoas auditoras.

E todo elo coroado cun novo estatus dos conselleiros do Consello de Contas, blindados respecto ao poder político e elixidos logo dunha comparencia previa no Parlamento de Galicia, con luz e taquígrafos.

A racionalización ben entendida levou a Galicia a potenciar órganos como o Consello de Contas ou o Valedor do Pobo –tamén reforzado-, dado que supoñen unha garantía adicional para o cidadán, contribúen a un mellor funcionamento da Administración e sustentan e perfeccionan o sistema democrático sobre o que se articula a nosa sociedade.

A historia de Galicia non resultou especialmente propicia para a implantación e desenvolvemento de órganos de control como o que hoxe homenaxeamos, dado que, ao longo dos séculos, tivemos unha vida rural tradicional e autosuficiente, con escaso volume de intercambios e reducida división do traballo, como ten posto de

manifesto o falecido e admirado profesor Otero Díaz, primeiro conselleiro maior do Consello de Contas.

É sabido que o Reino de Navarra dispoñía dunha Cámara de Comptos anterior a 1365 –unha das máis antigas de Europa- ou que en 1436, no reinado de Juan II de Castela, se crea a Casa de Cuentas de Valladolid. É dicir, os antecedentes dos mecanismos de control e fiscalización externa remóntanse na noite dos tempos.

O Consello de Contas de Galicia atesoura unha historia infinitamente máis modesta, pero abofé que neste cuarto de século, sobre a base do rigor e o traballo constante, se consolidou como unha institución insubstituíble na estrutura institucional da Comunidade Autónoma.

A todos cantos desde o primeiro día teñen contribuído co seu traballo a facer o que hoxe é o Consello de Contas, o noso recoñecemento sincero, porque tamén desde o Consello de Contas é posible facer país cada día, como teñen demostrado e demostran de cote.

A todos, moitas grazas.